

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a once de febreiro de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as nove horas quince

minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### **1.- ACTA ANTERIOR**

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 5 de febreiro de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### **2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE LEGALIZACIÓN DE ACTIVIDADE E EXECUCIÓN DE OBRAS**

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de legalización de actividade e execución de obras, presentada con data 4 de febreiro de 2025 (RE-E núm. 83), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL	HOSTAL CARPINTEIRAS S.L.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	JUAN CARLOS BARDELÁS LAMAS
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	ADECUACIÓN E REHABILITACIÓN ENERXÉTICA EN EDIFICACIÓN EXISTENTE
SITUACIÓN	AVDA. LALÍN-MONFORTE NÚM. 62 – PLANTAS PRIMEIRA E SEGUNDA
LUGAR	RODEIRO
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO URBANO – ORDENANZA NÚM. 1 – EDIFICACIÓN EN BLOQUE PECHADO
RFA. CATASTRAL DO INMOBLE	000201700NH82B0001XJ
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Expediente de legalización e obras redactado polo arquitecto Don Alberto Blanco Rodríguez, en data 04/02/25)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	299.077,70 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	OITO (8) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 10/02/25)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE A LEGALIZAR	PENSIÓN DE DÚAS ESTRELAS
NÚM. INSCRICIÓN REAT	██████████
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 07/02/25)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no

Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CINCO MIL NOVECIENTOS OITENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (5.981,56 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

Sexto.- En aplicación dos artigos 24.2 da LECEG, 11.2 do RIAE e o 364.2 do RLSG, con carácter previo ao inicio da actividade, deberá presentar no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento.
- ✓ Certificado final de obra asinado por técnico competente.

### 3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obra destinada ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 13 de decembro de 2024 (RE-E núm. 738), coas seguintes características:

#### DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL S.A.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)
REPRESENTANTE	MARÍA PILAR CHAPELA VILLANUEVA
DNI	██████████

#### DATOS DA OBRA

OBXECTO	LIÑA ELÉCTRICA SOTERRADA EN BAIXA TENSIÓN PARA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA A UN CENTRO DE COMUNICACIÓN
LUGAR	CALQUE
PARROQUIA	O SALTO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL
RFA. CATASTRAL DA PARCELA	36047A007001530000PF
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico industrial Don Ramón Mantilla Álvarez, en data 11/11/24)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	9.630,37 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	DO DÍA 17/03/25 AO DÍA 12/04/25, AMBOS INCLUSIVE
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 06/02/25)

#### DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	CENTRO DE COMUNICACIÓNS
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 06/02/25)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CENTO NOVENTA E DOUS EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (192,61 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

#### **4.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA**

Constan nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico da obra de “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL ENTRE OS LUGARES DA TORRE (RODEIRO) E AXIAZ (AGOLADA)”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz, con data xaneiro de 2025, cun importe de execución por contrata de OITENTA E NOVE MIL SEISCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (89.657,21 €), IVE incluído.

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 04/02/25, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

#### **5.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA DE “REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOZO, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO”, INCLUÍDA NO PLAN +PROVINCIA 2024**

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 2 correspondente á obra de “Reforzo e pavimentación en rúas e viais das parroquias do Az, Guillar, Santa Mariña de Pescoso, O Salto, Camba, Carboentes, Asperelo e Arnego”, incluída no Plan Máis Provincia 2024, por importe de TRINTA E UN MIL CATROCENTOS SETENTA E TRES EUROS

CON CORENTA E UN CÉNTIMOS (31.473,41 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora da obra Dona Ana María García Mayo.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 31.473,41 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2025-21 (FACe), de data 06/02/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

## ***6.- CONCESIÓN DE QUINTA E ÚLTIMA PRÓRROGA PARA O GOCE DE PERMISO DE REDUCCIÓN DE XORNADA A TRABALLADORA LABORAL FIXA DO CONCELLO POR RAZÓNS DE GARDA LEGAL***

### **ANTECEDENTES**

Primeiro.- Con data 18 de febreiro de 2015, a Xunta de Goberno Local adoptou acordo polo que se concedía o permiso solicitado pola traballadora laboral entón indefinida do Concello, coa categoría de auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), Dona Laura Eiriz Sobrado, con DNI núm. [REDACTED], para a redución da súa xornada laboral de traballo por razóns de garda legal en virtude de coidado directo de filla menor de doce anos

Segundo.- O permiso concedeuse por un período inicial de dous anos, con data de efectividade do día 23 de febreiro de 2015.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, por acordos adoptados nas sesións celebradas os días 25/01/17, 30/01/19 e 08/02/23, e por resolución da Alcaldía de data 17/02/21, concedéronlle cadansúas prórrogas bianuais, ata o día 23 de febreiro de 2025.

Cuarto.- A interesada solicita con data 5 de febreiro do corrente (RE núm. 160) unha quinta e última prórroga do permiso inicialmente concedido.

Cuarto.- Consta acreditado no expediente a subsistencia a esta data do cumprimento pola solicitante dos requisitos legalmente esixidos para o goce do devandito permiso de redución da xornada de traballo.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 48 h) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), dispón literalmente: *“Por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o coidado directo dalgún menor de doce anos (...), terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súa retribucións que corresponda (...)*”. Similar disposición establece o artigo 37.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET), se ben concretando a redución tanto da xornada como do salario entre, polo menos, un oitavo e un máximo da metade da aquela.

Segundo.- Asemade, o artigo 37.7 do ET concede á traballadora concernida o dereito a decidir a concreción horaria e a determinación do período de redución de xornada, dentro da súa xornada diaria.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

### ACORDO

Primeiro.- Autorizar unha quinta e última prórroga, ata o día 15 de novembro de 2025, no permiso concedido no seu día á traballadora laboral fixa do Concello, coa categoría de auxiliar do SAF, Dona Laura Eiriz Sobrado, con DNI núm. [REDACTED], para a redución da súa xornada laboral de traballo por razóns de garda legal en virtude de coidado directo de filla menor de doce anos.

Segundo.- A xornada laboral da traballadora será de 31 horas e 15 minutos semanais a desempeñar entre luns e venres no horario de 9:30 a 15:45 horas.

Terceiro.- En aplicación do disposto legalmente o Concello manterá á diminución proporcional das retribucións da traballadora que correspondan.

Cuarto.- Tramitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a prórroga do permiso autorizada aos efectos da cotización e dereitos regulamentariamente establecidos para dito suposto.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo á solicitante aos efectos oportunos.

Sexto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

## **7.- RECOÑECIMENTO DE COMPLEMENTOS DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADORAS LABORAIS FIXAS DO CONCELLO**

— Laura Ulloa Diéguez

VISTA a petición formulada polo traballadora laboral fixa, coa categoría de limpadora, Dona Laura Ulloa Diéguez (RE núm. 1795, do 20/10/21), solicitando o recoñecemento do complemento de antigüidade que lle corresponda en virtude do tempo traballado para o Concello.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballador laboral deste Concello dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que á data da súa contratación laboral fixa ten acreditado un período de 3.711 días traballados nesta entidade local.

VISTOS o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER á traballadora laboral fixa Dona Laura Ulloa Diéguez o seu dereito a percibir tres trienios de antigüidade con data de consolidación do día 1 de novembro de 2023 e con efectos económicos do día 1 de xaneiro de 2025.

— Rosa María Beleda Presas

VISTA a petición formulada polo traballadora laboral fixa, coa categoría de auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), Dona Rosa María Beleda Presas (RE núm. 2019, do 05/12/24), solicitando o recoñecemento do complemento de antigüidade que lle corresponda en virtude do tempo traballado para o Concello.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballador laboral deste Concello dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que á data da súa contratación laboral fixa ten acreditado un período de 3.022 días traballados nesta entidade local.

VISTOS o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER á traballadora laboral fixa Dona Rosa María Beleda Presas o seu dereito a percibir dous trienios de antigüidade con data de consolidación do día 19 de setembro de 2022 e con efectos económicos do día 1 de xaneiro de 2025.

## ***8.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE***

VISTA a solicitude presentada por Don José Rodríguez Pérez (RE núm. 164, do 06/02/25), e a proposta de resolución emitida con data 09/02/25 pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Don JOSÉ RODRÍGUEZ PÉREZ, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Lamzares, parroquia de Camba.

### **9.- DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO FINANCIADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2025 (LIÑA 3)**

De conformidade co establecido nas Base quinta do proceso selectivo, aprobada por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 5 de febreiro do corrente, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Sr. alcalde e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros do Tribunal Cualificado dos procesos selectivos para a contratación laboral temporal de postos de traballo financiados pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2025 (Liña 3), ás seguintes persoas:

Tribunal (postos de traballo de traballador/a social e técnicos/as en educación infantil)

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: María Lara Hermida Fernández, traballadora social.  
Ana Belén Rodríguez Pérez, educadora familiar.

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

### **10.- DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A PARA A PROVISIÓN LABORAL TEMPORAL, POR SUBSTITUCIÓN, DUN POSTO DE TRABALLO DE MONITOR DEPORTIVO**

De conformidade co establecido nas Base sétima do proceso selectivo, aprobada por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 5 de febreiro do corrente, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Sr. alcalde e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros dos Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a provisión laboral temporal, por substitución, dun posto de traballo de monitor deportivo, ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: Yolanda Aguiar Jorge, técnica de Medio Ambiente.  
Alfonso Doval Cidre, técnico informático.

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

### ***11.- AUTORIZACIÓN E INFORME PARA A CELEBRACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO DENOMINADO “VII XUNTANZA DE IMPALAS”***

Dáse conta aos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes da entrada no Rexistro municipal do seguinte documento:

- Escrito de data 6 de febreiro do corrente (RE-E núm. 94) asinado por Don Iñaki Asorey Iglesias, na súa condición de presidente da Asociación MOTOS VETERANAS DEZA, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Silleda, polo que comunica ao Concello a celebración no vindeiro día 9 de marzo do corrente do evento deportivo denominado “VII XUNTANZA DE IMPALAS” e que ten previsto percorrer parcialmente estradas de titularidade municipal pertencentes ás parroquias de Carboentes e Arnego.

Debidamente informados de canto antecede e á vista da documentación achegada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a utilización das estradas de titularidade municipal para a celebración do evento deportivo solicitado. Esta autorización outórgase condicionada ao cumprimento da normativa de aplicación e sen prexuízo de calquera outro permiso ou autorización procedente e, en concreto, a dos titulares doutras estradas afectadas pola proba neste termo municipal (Deputación Provincial e Xunta de Galicia). Asemade, a organización deberá sinalizar axeitadamente o percorrido e adoptar as medidas oportunas para garantir a seguridade dos vehículos, peóns e espectadores. Aos citados

efectos, deberá contar cunha póliza en vigor que asegure os eventuais danos e a súa correspondente responsabilidade civil.

Segundo.- Informar de xeito favorable a súa viabilidade, de conformidade co previsto no punto 2.2 a) da sección 1ª do Anexo II do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación.

## 12.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA XUDICIAL

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que con data 6 de febreiro de 2025 o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra ditou sentenza, en autos de procedemento ordinario núm. [REDACTED], co fallo que deseguido literalmente se transcribe: *“DESESTIMO el recurso contencioso-administrativo promovido por la procuradora Dña. Katia Fernández Meiriño, en nombre y representación de la entidad CÍES OBRA CIVIL S.L., contra la Resolución del Concello de Rodeiro, dictada en fecha 26 de enero de 2024, por la que se acuerda renunciar a la adjudicación del contrato de la obra “construcción de un edificio polivalente de uso asistencial-fase IV”, en el expediente nº PAS-O 1/2023. Las costas procesales deberán imponerse a la parte demandante en la forma establecida en el último fundamento jurídico de la presente resolución”*.

Infórmase asemade que dita sentenza non é firme en canto cabe interpoñer contra ela recurso de apelación ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

## 13.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- FERRODEIRO S.L. 1.456,84 €  
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. 000313.

- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 6,34 € E 3,62 €  
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de xaneiro de 2025, s/facturas núm. 4004238669 e 4004238670 (FACe).
- ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE 1.200,00 €  
Por cota anual de pertenza á Asociación, s/recibo.
- LIMPIEZAS CARMENVASA S.L. 435,60 €  
Por traballos de limpeza de edificios e instalacións municipais durante permisos laborais do persoal municipal, s/factura núm. 25/119 (FACe).
- JUAN ANTONIO ORTEGA MARTÍNEZ 88,40 €  
Por desprazamentos aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- MARÍA BELÉN TABOADA IGLESIAS 33,28 €  
Por desprazamentos aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- NICOLÁS PÉREZ IGLESIAS 16,64 €  
Por desprazamentos aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- MANUEL ÁNGEL RÍOS CURROS 46,80 €  
Por desprazamentos aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- MARÍA PÉREZ SEOANE 16,64 €  
Por desprazamentos aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.

- JULIO COUTO MÉIJOME 16,64 €  
Por desprazamentos aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- RICARDO VÁZQUEZ VAAMONDE 7,80 €  
Por desprazamentos aos Tribunais de selección do persoal incluído na OPE da Lei 20/2021, s/minuta.
- GEMAGAR GALICIA S.L. 2.495,00 €  
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2025*” no mes de xaneiro de 2025, s/factura núm. 0025/0000003 (FACe).
- FERRODEIRO S.L. 650,38 €  
Por subministro de calzado e roupa de traballo para as auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), s/factura núm. 000312.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 631,62 €  
Por traballos de reparación e mantemento da caldeira de pellets da Casa do Concello, s/factura núm. 7/25.
- FERRODEIRO S.L. 1.363,57 €  
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 000314.
- NOELIA NEIRA VÁZQUEZ 1.430,00 €  
Por servizo de chocolate con churros para os participantes na cabalgata de Reis 2025, s/factura núm. 1.
- CAMPOS Y MARIÑO S.C. 69,01 €  
Por traballos de limpeza dos traxes do Reis Magos, s/factura núm. FAC20250004.
- CANTERAS DEL ARENAL S.L 614,38 €  
Por subministro de zahorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000/000000002 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas cincuenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
*(sinatura dixital)*

O alcalde,  
*(sinatura dixital)*